

**ORDENANZA FISCAL Nº7 REGULADORA DA
TAXA POR LICENCIAS DE AUTOTAXIS E
DEMÁIS VEHÍCULOS DE ALUGUER**

FUNDAMENTO E NATUREZA

ARTIGO 1

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ó 19 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola LICENCIA DE AUTOTAXIS E DEMÁIS VEHÍCULOS DE ALUGUER, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, normas que atenden ó previsto no artigo 57 do citado RDL 2/2004.

FEITO IMPOÑIBLE

ARTIGO 2

Constitúen o feito imponible desta taxa, la prestación dos servicios e a realización das actividades que, en relación coas licencias de autotaxis e demais vehículos de aluguer a que se refire o Regulamento aprobado polo Real Decreto 763/1979, do 16 de marzo, se sinalan a continuación:

- a) Concesión e expedición de licencias.
- b) Autorización para transmisión de licencias, cando proceda o seu outorgamento, con arreglo á lexislación vixente.
- c) Autorización para substitución dos vehículos afectos ás licencias, ben sexa este cambio de tipo voluntario ou por imposición legal.
- d) Revisión anual ordinaria dos vehículos e revisión extraordinaria a instancia de parte.
- e) Dilixenciamiento dos libros-rexistro das empresas de servicios de transporte das clases C e D.

SUXEITO PASIVO

ARTIGO 3

Están obrigados ó pago da Taxa en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades, ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, seguintes:

1. A persoa ou entidade a favor da que se outorgue a concesión e expedición da licencia, ou a favor de quen se autorice a transmisión desta licencia.

2. O titular da licencia, cando o vehículo sea substituído ou obxecto de revisión, tanto ordinaria como extraordinaria e os libro-rexistros sexan dilixenciados.

RESPONSABLES

ARTIGO 4

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

COTA TRIBUTARIA

ARTIGO 5

A cota desta Taxa, será a seguinte:

TARIFA

**A) Concesión, expedición e rexistro de licencias:
Por cada licencia:**

	€
Da clase A	150,80
Da clase B	113,20
Da clase C	75,40

**B) Uso e explotación de licencias:
Por cada licencia, ó ano:**

	€
Da clase A	7,50
Da clase B	44,50
Da clase C	3,80

C) Substitución de vehículos:

Por cada licencia:

	€
Da clase A	7,50
Da clase B	4,55
Da clase C	2,95

D) Autorización na transmisión de licencias:

	€
Da clase A ou B	150,80
Da clase C	75,40

E) Pola expedición e/ou renovación do permiso municipal de conductor:

	€
Da clase A	12,95
Da clase B	11,90
Da clase C	10,80

EXENCIONES E BONIFICACIONES

ARTIGO 6

Non se concederá ningunha exención ou bonificación no pago da Taxa.

DEVENGO

ARTIGO 7

1. Cando se trate da concesión de licencias nace a obrigaçión de contribuír na data na que este Concello conceda e expida a correspondente licencia ou autorice a súa transmisión, ou no seu caso, autorice a substitución do vehículo. Non obstante, poderase considerar que nace a obrigaçión de contribuír no momento de presenta-la correspondente solicitude.

2. Cando se trate da prestación dos servizos de revisión de vehículos e de dilixenciamento de libros-rexistros, la taxa devengarase no momento no que se

inicie aquela prestación, entendendo, a estes efectos, que esta iniciación se produce coa solicitude dos mesmos.

DECLARACIÓN E INGRESO

ARTIGO 8

1. A realización das actividades e a prestación dos servizos suxeitos a esta Taxa, levaranse cabo a instancia de parte.

2. Tódalas cotas serán obxecto de liquidación para ingreso directo, unha vez concedidas as licencias ou autorizacións de que se trate e realizados os servizos solicitados, procedendo os contribuíntes ó seu pagamento no prazo establecido no Regulamento Xeral de Recadación.

3. Non obstante poderán os Concellos esixilo ingreso no momento da presentación da solicitude en calidade de depósito previo.

INFRACCIÓN E SANCIONES

ARTIGO 9

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sanciones que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada definitivamente a súa redacción polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 19 de decembro de 2007, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Fechas anteriores modificaciones:

PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2000
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 17/12/2001
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 30/12/2002
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 29/12/2003
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2005

Fecha modificación actual:

PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 27/12/2007